


O caribú namorado



Título:

O caribú namorado

Autor:

Xoán Abeleira

Ilustrador:

Jacobo Fernández Serrano

Editorial:

Xerais

Colección:

Nunavut

Nº páxinas:

88

ISBN:

84-9782-093-2

XERAI




o autor

Xoán Abeleira

Un escritor cunha traxectoria vital caracterizada polos cambios: fillo de emigrantes galegos, nace en Venezuela, onde vive ata os dez anos. Pasa logo a vivir en Madrid máis de vinte e cinco anos e, finalmente, reside na Coruña dende 1999.

Autor de varios libros de poesía en castelán e algún en galego para adultos, *O caribú namorado* forma parte da súa primeira serie dentro da literatura infantil galega, que xira en torno a Nunavut, unha nena do pobo dos inuit ou esquimós; esta é a terceira entrega.



o ilustrador

Jacobo Fernández Serrano

Realiza unha ilustración realista na que os personaxes teñen trazos moi raciais e os debuxos tons suaves; as augadas van poñendo cor nos trazos e colaboran na expresión dos sentimentos e avatares dos protagonistas.

Aqueles debuxos nos que se representa o mundo dos trasnos teñen o encanto especial dos seres representados, cos trazos da infancia e o máis alá.

Predominan os marróns, azuis e amarelos sobre o branco case infindo do xeo.




o libro

Está protagonizado por Nunavut, unha nena do pobo dos esquimós á que xa coñecemos a través doutros volumes desta serie, como *O nacemento de Nunavut* e *Un día de caza*.

Nunavut é unha nena esperta que observa o mundo cos ollos cheos de interese e sen aceptar prexuízos, a pesar de que o seu pobo sobrevive en durísimas condicións e no contexto dunha cultura na que o real e o supranatural están totalmente vencellados. Acaba de chegar o verán e con el a luz. A tribo trasladarase buscando a caza, pero antes, na cabana das cerimoniais, o xamán realizará a súa viaxe iniciática para adiviñar a rota que seguen os caribús. O pobo seguirá ao xamán ata o val dos Taraxolos e alí é onde Nunavut coñece a un caribú que busca a morte porque o seu amor non é correspondido, pero a nena convencerá para que continúe con esa busca do amor.

temas e valores



Outras culturas. Os esquimós



Os coidados. Nunavut coida do caribú



A amizade. Tamén se pode ser amigo dun animal



A solidariedade. Axudar a aqueles que o necesitan

actividades

Antes da lectura

- En base á portada e contraportada podemos pedirles que anticipen o tema do libro e que adiviñen o relato.
- Na posta en común, se alguén coñece algún outro título da serie de Nunavut pode contarnos o argumento.
- A observación do libro, dunha maneira rápida, fará que se comenten as ilustracións, que se opine sobre elas e que se vexan os diferentes apartados do libro como o glosario ou lista de palabras alleas ou difíciles, algúns versos que aparecen ao longo do relato, os que poden ser diferentes capítulos...

Ao longo da lectura

- Iremos comentando aquilo que nos chame máis a atención.
- Anticiparemos os camiños da historia.
- Aprenderemos o significado de novas palabras que iremos incorporando ao noso vocabulario.
- Opinaremos sobre o comportamento dos diferentes personaxes.
- Titulamos cada un dos capítulos nos que cremos que está dividido o relato.
- Recitamos os textos que aparecen en verso (pregaria, canción).

actividades

Despois da lectura

- No glosario, as palabras están colocadas por orde de aparición como nalgúnhas películas. Non obstante, o normal é que aparezan por orde alfabética ¿Animádesvos a colocalas así?
- Opinaremos acerca daquilo que nos chamou máis a atención: que nos gustou e que non, se o recomendaríamos ou non...
- Buscaremos os outros libros da serie para lelos, sempre e cando nos gustase este.
- Documentarémonos, na biblioteca, acerca dos esquimós. Buscaremos información sobre os caribús e tamén sobre a tundra.
- Buscaremos algunha película relacionada cos esquimós. Intentaremos conseguir algún documental sobre a vida nas zonas polares.
- Prepararemos unha exposición sobre o día e a noite, o verán e o inverno nas partes da terra próximas aos polos. Falaremos do sol de medianoite.
- Unha vez que entendamos a distribución do día e da noite, do sol e da lúa no espazo, podemos realizar un relato no que os personalicemos e que servirá para explicar dunha maneira mítica aquilo que xa entendemos dun xeito científico.

ficha 1

- Busquemos palabras para definir a Nunavut: curiosa, valente, solidaria...

e tamén aos outros personaxes:

- Hai un momento da historia no que se pode observar a distribución do traballo de homes e mulleres, así como dos pequenos, consonte a tradición. ¿Cal é e como se fai a repartición?

- Nunavut é unha nena que non dubida en tomar decisións cando é necesario. Citemos cinco momentos nos que isto sucede:

- O narrador compara aos nosos pobos cos dos inuit en aspectos como conseguir comida, a cantidade de cousas que almacenamos ou non... ¿En que outros aspectos pensas que somos moi diferentes?

- Escribir todas as palabras posibles coas letras de:

TARAXOULOS _____
SOLIDARIEDADE _____
CERIMONIA _____
COMPAIXÓN _____

- Expliquemos que é iso da folga de fame e en que casos se realiza.



ficha 2

- Lemos detidamente as seguintes frases e adiviñamos quen as di e en que momento:
«Só un covarde renuncia ao que quere.»

«Os amigos de verdade endexamais se esquecen.»

«O amor como a amizade ten que nacer dun xeito natural, non pode ser forzado»

- Explicamos en que consiste a viaxe do *angakok*, que é a *qalgie* e o *tunarak*, quen é Kulanyí e Ainuk, en que viaxan os inuit, que son os *inuksut*...

- Contestamos:

¿De que se alimentará o pobo de Nunavut durante o verán?

¿Cantos anos ten Nunavut nesta aventura? _____

¿Como axuda Nunavut a Sailik?

¿Que lle achegan os caribús aos inuit?

¿Quen ten visións nesta historia?

¿Que sabemos dos pobos nómades?

¿Cara a onde van os caribús no verán e por que?

- Nalgún momento do relato poderíamos definir o caribú coma un animal pacifista e nalgún outro como compasivo. Comentade cales serían.

- ¿Atópaslle algo raro á historia que se nos conta do sol e a lúa?

ficha 3

- Compara o primeiro brúo que Nunavut lle escoitou ao caribú co último.

- ¿A que cres que se debe o cambio?

- O caribú e a nena enténdense; nós non sempre podemos comprender aos animais, pero algunha vez case podemos manter diálogos con algún deles. Escribe unha conversa coa túa mascota. Se non se che ocorre, podes relatar a maneira na que a coidas.

- Describamos a ilustración que máis nos gusta.

- Imos definir que é iso de estar namorado. Podemos probar a facelo a través de frases poéticas que expresen o que cremos sentir ou senten aqueles que o están.

Estar namorado é...

ficha 4

- Recollemos o primeiro verso da canción das mulleres e creamos o noso propio himno.

Que marabilloso é ver

Que marabilloso é ver

Ah, que marabilloso é ver

- Tamén podemos imitar a pregaria.

Ouh, Ti, _____

concédenos unha vez máis

- Localizar unha parte descritiva do texto. Realizar o debuxo que corresponda a esa descrición.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005
Depósito legal: VG. 115-2005